

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: CONVOCATORIA PLENO EXTRAORDINARIO ORZAMENTO MUNICIPAL 2022 PARA 9 DE MARZO DE 2022

EXPEDIENTE GD: 2126/2022

ANTECEDENTES:

En virtude das atribucións que me confire o artigo 21.1.c da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o artigo 79 do Regulamento de organización funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro e o artigo 18 do Regulamento Orgánico Municipal do Concello de Ames (BOP número 78 de 26 de abril de 2016), **RESOLVO:**

Primeiro. Convocar **sesión extraordinaria** do pleno do Concello que terá lugar o vindeiro mércores 9 de marzo de 2022, no Salón de Plenos do Concello, ás vinte horas e trinta minutos (20.30 horas).

Dada a mellora da situación sanitaria, e sen prexuízo de continuar cas medidas de prevención necesarias, as sesións dos plenos volverán ser presenciais tal e como se acordou na Xunta de Voceiros do 14.02.2022.

ORDE DO DÍA:

Punto único. Aprobación inicial do orzamento municipal 2022.

Segundo. Comunicar ás/ós señoras/es concelleiras/os que os asuntos que se tratarán na dita sesión atópanse a súa disposición para ser examinados na Secretaría Xeral a partir da data desta convocatoria. Non obstante, a documentación será remitida vía telemática os señores concelleiros/as xunto coa convocatoria.

No caso de non poder asistir á sesión plenaria, deberán acreditarlo con antelación suficiente ante esta Alcaldía.

De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes (artigo 46.2.c da Lei 7/1985, de 2 de abril) entenderase convocada a sesión automaticamente á mesma hora dous días despois (artigo 90.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro).

Terceiro. Notifíquese en forma axeitada á legalidade.

O alcalde

A secretaria

José Blas García Piñeiro

Rosa Ana Prada Queipo